



Concello de Lourenz

ACTA

Expediente nm.:	rgano colexiado:
PLN/2020/5	El Pleno


DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	17 de setembro de 2020
Duracin	Desde as 20:33 ata as 21:10 horas
Lugar	Saln de Sesins
Presidida por	rocio lopez garcia
Secretario	Carmen Lpez Gonzlez

ASISTENCIA  SESIN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	S
35312108R	AUREA MARA VZQUEZ ABAL	S
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAA	NON
34880827Q	ENRIQUE JOS ROCHA PREZ	S
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRGUEZ BARRERA	S
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	S
71865319W	MANUEL ARANGO RON	S
33844382C	MARIO LEITN RAMALLAL	S
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	S
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	S

Concello de Lourenz





Concello de Lourenz

76580879X	rocio lopez garcia	S
Escusas de asistencia presentadas: 1. EDUARDO JOSE REIGOSA BRAA: «motivos laborais»		

Unha vez verificada polo secretario a valida constitucion do rgano, o presidente abre a sesin, polo que se procede  deliberacin sobre os asuntos incluídos na orde do da

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIN ACTA SESIN ANTERIOR DE 30/07/20.

Favorable

Tipo de votacin:

Unanimidade/Asentimento

Preguntados, os membros da Corporacin, pola Alcalda, se tian algunha observacin que formular  acta da sesin anterior, de data trinta de xullo do dous mil vinte (30/07/2020), distribuda coa convocatoria e, non habendo nada, o borrador da acta de dita sesin foi aprobado por unanimidade dos presentes.

Expediente 325/2020. APROBACIN ANEXO PLAN ECONMICO FINANCEIRO 2020/2021.

Favorable


Tipo de votacin:

Unanimidade/Asentimento

Visto o Plan Econmico-financeiro suscrito pola Alcalda de data 06/07/2020, cuia necesidade orixinouse pola Execucin do Presuposto- Liquidacin Presupostaria do exercicio 2019 e o feito do non cumprimento da Regra de Gasto, e que foi aprobado polo Pleno do Concello na sesin de 30/07/2020.

Visto que pola Consellera de Facenda, Direccin Xeral de Poltica Financeira, Tesouro e Fondos Pblicos, que ten atribuída a tutela financeira, mediante escrito de data 11/08/2020, que tivo entrada nas oficinas municipais o da 12/08/2020, sendo rexistrado co

Concello de Lourenz





Concello de Lourenz

nm.1505, se solicita a modificacin di dito Plan Econmico-Financeiro (PEF) aprobado, no sentido que debern aprobarse as previsins cuantificadas de lmite de regra de gasto, gasto computable estimado e estabilidade orzamentaria para os exercicios de vixencia do mesmo, e debern coincidir co remitido ao Ministerio a travs da aplicacin PEFEL e que ditas previsins aparecen recollidas no documento que se presenta a informe como Anexo  PEF 2020/2021.

Visto que consta o informe favorable da Comisin Especial de Contas de data sete de setembro do dous mil vinte.

Visto o contido do anexo que se somete  aprobacin, o Pleno, en votacin ordinaria e con 6 votos a favor dos membros do PSGA-PSOE e 4 abstencins dos membros do BNG e do PP. adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Anexo do Plan econmico-financeiro da Entidade Local nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.

SEGUNDO.- Achegar dito Plan Econmico-Financeiro 2020-2021, de conformidade co anexo aprobado, ao Ministerio de Facenda a travs da sa aplicacin telemtica PEFEL2, no prazo de cinco das naturais dende a sa aprobacin.

TERCEIRO.- Achegar certificacin del presente acordo e de todo o actuado  Direccin Xeral de Poltica Financeira, Tesouros e Fondos Europeos da Consellera de Facenda por ter atribuída a tutela financeira do Concello.

CUARTO.- A efectos meramente informativos, publicar o Plan Econmico-Financeiro no Boletn Oficial da Provincia. Igualmente, unha copia do Plan estar a disposicin do pblico dende a sa aprobacin ata a finalizacin da sa vixencia, na sede electrnica desta Entidade Local (concellodelourenza.sedelectronica.gal).

Expediente 199/2018. APROBACIN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIN PUNTUAL NM. 7 DO PLANEAMENTO DE LOURENZ PARA A DELIMITACIN DO NCLEO RURAL DE " O BORDN".

Favorable

Tipo de votacin:
Ordinaria
A favor: 6, En contra: 2,
Abstencins: 2, Ausentes: 0

Concello de Lourenz





Concello de Lourenzá

Este punto do orde do día e unha vez que pola Sra. Alcadesa explicouse que este punto xa viña doutro Pleno onde se aprobara inicialmente a citada modificación e que estivera exposto ó publico presentándose unha alegación de D. Benito Salvatierra Sánchez , e despois de proceder a súa lectura sobre mantemento e posibles ampliacións dunha actividade gandeira e indicar que agora tratábase da súa aprobación provisional, pasouse á votación e o Pleno Municipal, á vista dos informes técnico e xurídico que obran no expediente así como do proxecto de "MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM.7 DO PLANEAMENTO DE LOURENZÁ PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE " O BORDÓN" redactado por Monteoliva Arquitectura S.L.P a instancia de D^a. Elena Fernández Fanego, de data Agosto/2020 ,en votación ordinaria e con seis votos a favor, dos membros do PSGA-PSOE, dúas abstencións dos membros do BNG e dous votos en contra dos membros do PP, e polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros, de conformidade co previsto nos artigos 22.2c) e 47.2II da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ACORDA:

PRIMEIRO.- Analízanse a continuación os informes e alegacións presentados, motivando a súa estimación ou desestimación, do que se achegará copia ós interesados xunto coa notificación do presente acordo. (falta meter todos los informes)

I.-ANTECEDENTES.-

Aprobada inicialmente a " MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM.7 DO PLANEAMENTO DE LOURENZÁ PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE " O BORDÓN" REDACTADO POR MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.P A INSTANCIA DE D^a. ELENA FERNÁNDEZ FANEGO, por acordo do Pleno de data 16 de Xaneiro do 2020, foi sometida a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio en el Diario Oficial de Galicia núm.33 de 18/02/2020 e no Diario Oficial de Galicia Núm.50 (corrección de erro), de 13/03/2020 así como nos Diarios A Voz de Galicia(Edición da Mariña) de data 30/01/202 e no Diario O Progreso de Lugo de data 30/01/2020, sendo publicado tamén na páxina web do Concello de Lourenzá.

II.- INFORMES SOLICITADOS:

Ao expediente tense incorporado os seguintes informes doutras Administracións que foron solicitados trala aprobación inicial de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia:

1.-CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO DO MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO, con núm. Referencia O00004493e2000001876 y O00004493e2000002345 de data 02/03/2020, que tivo entrada nas oficinas municipais o día 05/03/2020, sendo rexistrado co núm. 2020-E-RC-598, e no que se indica que comprobouse que o Núcleo Rural de O Bordón non se atopa ubicado dentro do ámbito competencial de dita Confederación Hidrográfica.

2.-INFORME DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTUAS E MOBILIDADE , AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, SERVIZO DE PLANIFICACIÓN de

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenz

data 23/03/2020, que tivo entrada nas oficinas municipais o da 24/03/2020, sendo rexistrado co num.2020-E-RC-700, no que se indica que, segundo o requirido na Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia e no artigo 23.2 da Lei 8/2013 do 28 de xuno, de Estradas de Galicia, as estradas autonmicas que discorren proximas ao mbito da Modificacin Puntual son :

CLAVE	REDE	DENOMINACIN	PK-I	PK-F
LU-153	PC	Lourenz(Ra Trav. Da Marina)- Masma (LU-160)	0+000	2+010
RESTO LU-153	--	Treito antigo da LU-153-Marxe esquerda	0+610	--


Non obstante as actuacións propostas no mbito da Modificacin Puntual num. 7 do Planeamento de Lourenz para a delimitacin do Ncleo Rural de O Bordn non afectan s redes de titularidade autonmica e polo tanto non procede emitir informe  respecto pero fai a advertencia que no PLANO INF-11 Rede Viaria, identifcase erroneamente como de titularidade municipal a estrada LU-153 e o seu treito antigo e polo tanto deber corrixirse dito erro.

3.-INFORME DO MINISTERIO DE DEFENSA, DIRECCIN XERAL DE INFRAESTRUTURAS, SUBDELEGACIN DE PATRIMONIO, Num. de referencia 342UP2/27-270-000-0002 de data 17/03/2020, rexistrado de entrada nas oficinas municipais o da 24/03/2020 co num.2020-E-RC-701, no que se indica que,  fin de evacuar o trmite previsto na Disposicin Adicional Segunda, apartado primeiro do Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitacin Urbana, aprobado por Real Decreto Legislativo 7/2015 de 30 de outubro, emtese informe FAVORABLE  Modificacin Puntual num.7 para a Delimitacin do Ncleo Rural de O Bordn achegada para consulta polo Concello de Lourenz.

4.- INFORME DA DIRECCIN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL DA CONSELLERA DE CULTURA E TURISMO, Expediente 2018/1210, de data 02/04/20, rexistrado de entrada o da 13/04/2020 co num. 2020-E-RC-724, que se emite en virtude do establecido no artigo 34 da Lei 5/2016 de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia e no que se indica que todos os plans, programas e proxecto relativos a mbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que puidera supner unha afeccin ao patrimonio cultural de Galicia pola sa incidencia sobre o territorio, debern ser sometidos ao informe da Consellera competente en materia de patrimonio cultural, que establecer as medidas protectoras, correctoras e compensatorias que considere necesarias para a salvagarda do patrimonio cultural afectado, sen prexuízo das sas competencias para a posterior autorizacin das intervencins que puideren derivar dos documentos en trmite.

No dito informe indcase que o Ncleo de O Bordn atpase enclavado sobre o histrico camino de Vilanova de Lourenz  parroquia d Vilamor (Mondoedo), que a sa vez comunicaba coa parroquia de Masma (S. Andrs) tamn en Mondoedo. Este camino historicamente tivo unha grande importancia porque en Vilanova de Lourenz atpase o Mosteiro de San Salvador e en Masma localzase o Palacio do Bo Aire, antiga residencia

Concello de Lourenz





Concello de Lourenz

de vern do Bispo de Mondoedo, que na cartografa de 1942 aparece como Palacio Episcopal, e que en pocas pasadas foron dous polos de poder importante nesta comarca.

En canto  sa incidencia sobre o patrimonio cultural de Galicia, se indica que no mbito desta modificacin puntual non hai xacementos arqueolxicos incluídos no catlogo do planeamento de Lourenz, no catlogo do Plan Bsico Autonmico ou no rexistro de xacemento arqueolxicos da DXPC.

Polo que respecta  patrimonio arquitectnico e etnogrfico, faise constar que o Documento IV do proxecto de Delimitacin do Ncleo de O Bordn recolle o catlogo de bens a protexer e as fichas axstanse s criterios establecidos no artigo 81 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e Disposicin Adicional 3 da lei de Patrimonio Cultural de Galicia pero que sera conveniente sinalar algns extremos e as:

a) Defnese un nico contorno de proteccin que coincide coa delimitacin de ncleo tradicional e que abrangue todas as edificaciones protexidas no catlogo, deixando fora do contorno soamente o extremo norte do Ncleo por contar con das edificaciones non tradicionais.

Se indica que no plano de situacin da ficha, se deber incorporar unha lenda na que se indique cal  a lia de delimitacin do ncleo e cal a do contorno de proteccin.

b) En cada unha das fichas recllese o plano de ordenacin do ncleo no que se pode ler o contorno de proteccin e cdigo de cada uno dos bens. Sen embargo e debido  escala do plano, este ltimo punto faise con dificultade. Quizs podera empregarse unha tipografa mis grande para o ben protexido na sa correspondente ficha.

c) Nas fichas do hrreos ou cabazos protexidos recllese que son bens de interese cultural polo Decreto 449/1973 de 22 de febreiro o cal quedou absorbido pola Lei 5/2016 de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia. As deber facerse referencia ao artigo 92.1 da actual LPCG no que se recolle que tern a consideracin de BIC aqueles hrreos nos que existan evidencias que poidan confirmar que a sa construccin  anterior a 1901. Nos criterios de intervencin dos hrreos e cabazos deber eliminarse que se evitar a modificacin das pendente orixinais e no seu lugar, indicarse que non se poden modificar as pendentes.

Polo que se refire  NORMATIVA, se sinala que o Ncleo Rural comprendido na Delimitacin  de tipoloxa tradicional tanto polas caractersticas do asentamento, como pola tipoloxa tradicional das edificaciones e a vinculacin coa explotacin racional dos recursos naturais como por contar con topnimo diferenciado e presentar un grao de consolidacin pola edifiacin superior ao 50%. Fxase un sistema mixto de ordenacin para completar as estruturas do ncleo permitndose a edifiacin exenta ou acaroadada mantendo tanto o tipo de ocupacin como o carcter do conxunto e evitando introducir tipos edificatorios alleos  sa morfoloxa, sendo o uso caracterstico das edificaciones deste ncleo rural o residencial, autorizndose complementariamente outros usos ligados ao medio rural. Se establece tamn os criterios das novas

Concello de Lourenz





Concello de Lourenzá

edificacións para que sexan acordes coa tipoloxía característica do ámbito e as condicións de parcela, posición e volume.

En canto á normativa específica de protección do patrimonio cultural do Núcleo se indica que foron incorporados os condicionantes expostos no informe emitido por esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 24/10/2018, e así recóllense os modelos de intervención permitidos, os diferentes niveis de protección e as actuacións autorizables en cada un deles, o carácter preceptivo e vinculante da autorización da Consellería de Cultura para actuacións tanto en bens protexidos como nos seus contornos e necesidade de proxecto de intervención e memoria final nas actuacións en bens catalogados que excedan das de mantemento.

En canto ós PLANOS se indica que son o suficientemente claros para ter unha lectura dos bens protexidos e do seu contorno de protección.

Consecuentemente a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias emite informe favorable debendo incorporar as especificacións antes descritas.

5.- INFORME DA SUBDELEGACIÓN DE GOBERNO na Coruña, ÁREA DE FOMENTO, de data 04/06/2020, rexistrado de entrada el 11/06/2020 co núm. E-RC-977, no que se comunica que non se observa que dita Modificación Puntual teña incidencia nas propiedades ou zonas de servidume afectadas á Defensa Nacional nin no Inventario de Bens e Dereitos do Estado do Ministerio de Economía e Facenda, nin nas propiedades das entidades xestoras da Seguridade Social.

6.- INFORME DO MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO, DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA ENERXÉTICA E MINAS, Secretaría de Estado de Minas, de data 03/06/2020, rexistrado co núm. E-RC-977 porque o aporta a Subdelegación do Goberno e no que se recorda que a referida modificación puntual debe estar suxeita ó establecido na normativa sectorial enerxética vixente aplicable, concretamente é aplicable a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, concretamente os seus artigos 2,4,5 e 15 así como os artigos 112 e 154 Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro, polo que se regulan as actividade de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Faise unha análise do contido destes artigos, entendéndose sempre que o subministro de enerxía eléctrica constitúe un servizo de interese económica xeral e que a planificación eléctrica soamente será realizada pola Administración Xeral do Estado coa participación das CCAA e Ceuta e Melilla e terá carácter vinculante a planificación de transporte e que polo tanto as instalacións de transporte unicamente poden ser autorizadas coas características definidas en dita planificación.

Tamén indicase que no caso de instalacións de transporte nas que a autorización sexa competencia da Administración Xeral do Estado, estarase ao establecido na Lei 13/2003 de 23 de maio, Reguladora do Contrato de concesión de obras públicas e tamén haberá que estar ao disposto nas súas Disposicións Adicional duodécima.

Igualmente manifestase que , dende o punto de vista económico,

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

cabe sinalar que os investimentos no que se tivera que incorrer no proceso de urbanización, deberá estarse ao establecido no Real Decreto 1047/2013 de 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica, especialmente ó seu artigo 5; o Real Decreto 1048/2013 de 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica no seu artigo 8; o Real Decreto 1955/2000 xa citado, e a Orde IET/2660/2015 de 11 de decembro, pola que se aproban as instalacións tipo e os valores unitarios de referencia de investimento, de operación e mantemento por elemento de inmovilizado e os valores unitarios de retribución de outras tarefas reguladas que se empregarán no cálculo da retribución das empresas distribuidoras de enerxía eléctrica, se establecen definicións de crecemento vexetativo e aumento relevante de potencia e as compensacións por uso e reserva de locais.

En canto ó relativo á seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, deberá estarse ó disposto no Real Decreto 223/2008 de 15 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións Técnicas Complementarias ITC-LAT 01 A 09, e o Real Decreto 337/2014 de 9 de maio, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións Técnicas Complementarias ITC-RAT 01 a 23.

Finalmente no informe faise unha referencia máis concreta da zona obxecto de estudo, indicándose que podería estar afectada por infraestruturas eléctricas de transporte ou distribución, que non existe no Ministerio rexistro centralizado e georreferenciado de ditas infraestruturas e polo tanto para recabar as afeccións concretas deberase consultar ás empresas que exercen as actividades de transporte e distribución na zona.

En canto ás consideracións particulares relativas á modificación do Plan Urbanístico que se somete a información, significase que no punto 13.4 do Plan fálase de rede subministro de enerxía eléctrica e a Lei do Sector Eléctrico define “subministro” como a entrega de enerxía a través de las redes de transporte e distribución mediante contraprestación económica nas condicións de regularidade e calidade que resulten esixibles, se ben, no seu artigo 44, establece entre os dereitos dos consumidores, o de elixir o seu subministrador, podendo contratar o subministro coas correspondentes empresas de comercialización ou con outros suxeitos do mercado de produción. Por todo o anterior, en aras a unha maior claridade na redacción, se suxire non utilizar o termo “subministro” cando se trate das actividades de transporte e distribución de enerxía.

Por outro lado e unha vez estudiada a documentación aportada, considerase que polo termo municipal de Lourenzá discorre a infraestrutura gasista GASODUCTO LLANERA-VILLALBA , propiedade de Enagas Transporte S.A.U., cúa competencia corresponde á Administración

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenz

Xeral do Estado e en consecuencia dentro do marco legal aplicable deber incluírse a Lei 34/1998 de 7 de outubro, do Sector de Hidrocarburos, así como a sa normativas de desenvolvemento entre a que cabe destacar os artigo 2 e 5 da citada Lei así como o artigo 68 do Real Decreto 1434/2002 de 27 de decembro polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.

Finalmente aclarase en relación con este tema que nos casos nos que non produzan afeccións en instalacións gasistas o petrolíferas competencia de la Administración Xeral do Estado, estas debern estar suxeitas  normativa sectorial sobre coordinación con plans urbanísticos e de infraestruturas viarias, especialmente o disposto no artigo 5 da Lei 34/1998 do Sector de Hidrocarburos e o 68 do Real Decreto 1434/2002 xa citado, no sentido de que tanto as planificacións das instalacións de transporte e distribución de gas natural e instalacións auxiliares, cando estas de ubiquen o discorran en solo non urbanizable, deber terse en conta o correspondente instrumento de ordenación do territorio. Igualmente e na medida na que ditas instalacións estean en calquera das categorías de solo cualificado como urbano ou urbanizable, dita planificación deber ser contemplada no correspondente instrumento de ordenación urbanística, precisando as posibles instalacións, cualificando adecuadamente os terreos e establecendo, en ambos caso, as reservas de solo necesarias para a colocación das novas instalacións e a protección das existentes. En aqueles casos nos que non se tivera en conta a planificación gasista nos instrumentos de ordenación descritos , o por razóns xustificadas de urxencia o excepcional interese o aconsellaran, e sempre que en virtude do establecido noutras leis resultase preceptivo un instrumento de ordenación do territorio o urbanístico segundo o tipo de solo afectado, estarase o disposto na Disposición Adicional Décima da Lei do Solo aprobado por Real Decreto legislativo 7/2015 de 30 de outubro o texto autonómico que corresponda, considerndose a instalación como de interese xeral.

Remtase o informe indicndose que, en relación coa Avaliación do Impacto Ambiental de proxectos de competencia da Administración Xeral do Estado, resulta de aplicación o disposto na Lei 21/2013 de 9 de decembro de Avaliación Ambiental.

7.- De conformidade co artigo 39 da Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia así como o disposto na Lei do Solo de Galicia, solicitouse INFORME  CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, ORGANISMO AUTNOMO AUGAS DE GALICIA, dito informe de data 17/07/20 tivo entrada nas oficinas municipais o da 20/07/2020 sendo rexistrado co nm. E-RC-1345 e no que, despois de constatar que o Concello de Lourenz contestara o requirimento solicitado por dito organismo, recibindo a documentación solicitada en data 12/11/2019, indica que dase por cumprido o requirimento da documentación que fora solicitada o da 25/10/2018 e se informa favorablemente a Modificacin Puntual das NNSS de planeamento para a

Concello de Lourenz





Concello de Lourenzá

Delimitación do Núcleo Tradicional de O Bordón.

No informe achegado, despois de analizar os antecedentes, a lexislación aplicable así como a documentación contida no proxecto sometido a informe, fai as seguintes observacións:

a) En canto a Rede Fluvial, indícase que o ámbito da Modificación Puntual está dentro do sistema de explotación núm. 18: Río Masma e da información proporcionada polo visor da IDE Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, dedúcese que polo ámbito non discorren cauces fluviais cunha superficie superior a 1 km², sinalando que no caso de que existiran outros cursos fluviais ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seríalles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Destacase en todo caso que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación, e segundo o establecido no artigo 9.4,78 e 126 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH) calquera actuación precisará actuación administrativa do organismo de conca.

b) Zonas Protexidas.-Indicase tamén que no ámbito de actuación non se atopan zonas protexidas incluídas no Catálogo de Zonas Protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia Costa (PHGC), aprobado por Real Decreto 11/2016 de 08 de xaneiro.

En todo caso deberase ter en conta a presenza de humidais ou outras zonas húmidas no desenvolvemento da actuación e deberanse reflexar, tamén, na documentación gráfica do Plan Parcial.

c) Zonas inundables.- En canto as zonas inundables e zonas de fluxo preferente, despois de definir o que se entende por tales de conformidade co disposto sobre elas no Catálogo de Zonas Protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia Costa (PHGC) e no Regulamento de Dominio Público Hidráulico, indícase que de conformidade co disposto no artigo 30 do Plan Hidrolóxico Galicia Costa, "Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico", se deberá de incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSis) a seguinte documentación: Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía; Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables e Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Informase do contido dos artigos 32-34 do Plan Hidrolóxico Galicia Costa en canto ás medidas a adoitar en cada unha das zonas antes descritas e usos e limitacións establecidas nas mesmas así como das prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016, relativo ás Limitacións de uso na zona de fluxo preferente no solo rural.

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

Finalmente fai referencia ó punto 5.-ANALISE DOS RISCOS NATURAIS E ANTRÓPICOS da Memoria Xustificativa do documento que se somete a información , e fai referencia a que no mesmo consta que o único risco por inundación en Vilanova de Lourenzá pode estar provocado polo desbordamento do río Baos, mal identificado en diversas cartografías ao figurar como río Batán, pero tendo en conta que a delimitación deste núcleo rural atópase aproximadamente na cota 120, e que a cota media do río Baos en Vilanova é de 50 m., e por acharse a delimitación a media ladeira, non existe risco de inundación.

O organismo autónomo indica que o río Batán, codificado por Augas de Galicia como 017018, discorre ao este do ámbito e o rego Recimil, codificado por Augas de Galicia como 01701811, discorre ao Sur. Eses tramos de río están catalogados como ARPSI , codificado por Augas de Galicia como ES014-LU-18-01-02 e ES014-LU-18-01-02-03, respectivamente, pero sen estar afectado o ámbito polas zonas de fluxo preferente nin polas zonas inundables que corresponden a un período de retorno de 10,100 e 500 anos.

d)Abastecemento e Saneamento.- No apartado 13.2.-INFRAESTRUTURAS EXISTENTES.REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA da Memoria Informativa do documento sometido a informe indícase que este núcleo dispón de rede de abastecemento municipal de auga potable cuxo trazado discorre polo camiño de servizo da estrada N-634 e polo camiño veciñal que discorre pola parte superior das edificacións e que o saneamento esta resolto con fosas sépticas a nivel particular para cada unha das edificacións.

En canto ao ABASTECIMENTO, fai alusión a que na resposta ao requirimento e así figura no documento indicábase que a auga que abastece ó núcleo de Bordón viña do depósito de Arroxo que pertence á rede de Adellao e que facíase unha estimación da poboación de 20 habitantes no núcleo de O Bordón. A demanda prevista considerando unha dotación de 210 litros/habitante-día, compatible coas establecidas na normativa do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia - Costa, resulta de un caudal de 0,05 l/s. O Concello de Lourenzá ten inscrita no Libro de Rexistro a concesión DH.A27.02389 cun caudal concedido de 1 l/s. a captar dos mananciais Fonte de Adellao, con destino ó abastecemento ás poboacións de Adellao, Chantado, A Laxe, Chiela e Arroxo.

A poboación destes núcleos segundo os datos do INE para o ano 2019 é de 79 habitantes, considerando a dotación de 210 l/habitante-día, resulta un caudal de 0,18 l/s e consultados os datos dos aproveitamentos inscritos no Libro de Rexistro de Augas de Galicia, salvo erro ou omisión, o caudal total concedido ó Concello de Lourenzá cobre o abastecemento de poboación para a poboación actual máis a demanda estimada para o novo desenvolvemento, e en todo caso, calquera aproveitamento de augas requirirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa.

En canto ó SANEAMENTO, lémbrese que calquera vertido ao

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

dominico público hidráulico requirirá a autorización do organismo de conca segundo o artigo 245 do Regulamento Dominio Público Hidráulico.

Así pois o Organismo Autónomo de Augas de Galicia finaliza indicando que se informa favorablemente a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL DE O BORDON”, sempre que se teñan en conta as prescricións sinaladas no dito informe.

III.- EXPOSICIÓN PÚBLICA.- Durante o período de información pública por espazo de Dous (2) meses (computados dende os días 14-03-2020 ata o 01-08-2020, debido a declaración do Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e regulada no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo(BOE. Núm. 67 de 14/03/2020) e a suspensión de prazos dende o 14/03/2020 ata o 01/06/2020) formulouse unha alegación tal e como resulta da certificación expedida por Secretaría-Intervención de data 11/08/2020, alegación presentada por D. Benito Sánchez Salvatierra, con NIF. 33309254X, veciño de Souto núm.1, parroquia de Santa María(Lourenzá) o día 25/03/2020 e que foi rexistrada de entrada co Núm. 2020-E-RE-77 e no que expón que: *“sendo titular dende o ano 2001 dunha explotación gandeira de 98 cabezas e orientación láctea situada no mesmo lugar de Bordón e que as súas parcelas (406-408-409-410-411 e 413 do polígono2 de Lourenzá Norte) son colindantes ou próximas ás que formarán parte do Núcleo Rural de Bordón e tendo en conta que calquera modificación do réxime urbanístico deber ter en conta as actividades económicas que se están a realizar no territorio, de xeito previo á modificación que se pretende e por elo, solicita se teña presentada esta información ós efectos oportunos de xeito que se garanta que a modificación urbanística proposta non interferirá a unha actividade previamente existente como é a súa, favorecendo así a uns veciños e unhas orientacións económicas en prexuízo doutras e tamén solicita que se recoñeza e informe a todos os interesados no procedemento dos dereitos que asisten a súa explotación, como é o feito de manter a súa actividade e e mesmo eventualmente ampliála sen que as modificacións propostas no planeamento urbanístico para o lugar do Bordón poidan supoñer obstáculos no seu desenvolvemento futuro”*.

IV.-NOTIFICACIÓN INDIVIDUAIS ÓS PROPIETARIOS.-De conformidade co disposto no artigo 78 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia, notificouse individualmente a cada propietario das dez (10) parcelas afectadas, a aprobación inicial da “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL DE O BORDON indicándolles que tiñan un prazo de dous meses examinar o expediente e para facer as alegacións que estimasen oportunas, quedando constancia no expediente das seguintes notificacións e non presentando ningún deles alegación algunha:

1.- A D^a. ELENA FERNÁNDEZ FANEGO, foille notificado o día 30/01/2020, co núm. de rexistro de saída 2020-S-RC-111 , tendo entrada o xustificante do acuse de recibo da notificación o día 05/02/2020, sendo rexistrado co núm. 2020-E-RC-380, polas fincas números:

POLÍGONO	PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL
----------	---------	----------------------

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

2	395	27027B002003950000LP
2	396	27027B002003960000LL
2	397	27027B002003970000LT

2.- A D. ENRIQUE VALEA RODRÍGUEZ, foille notificado o día 30/01/2020, co núm. de rexistro de saída 2020-S-RC-112 , tendo entrada o xustificante do acuse de recibo da notificación o día 05/02/2020, sendo rexistrado co núm. 2020-E-RC-371, polas fincas números:

POLÍGONO	PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL
2	398	27027B002003980000LF
2	401	27027B002004010000LO
2	402	27027B002004020000LK

3.-A HEREDEROS DE D^a. ISABEL VALEA RODRÍGUEZ, foille notificado o día 30/01/2020, con núm. de rexistro de saída 2020-S-RC-113 , tendo entrada o xustificante do acuse de recibo da notificación o día 05/02/2020, sendo rexistrado co núm. 2020-E-RC-370, polas finca número:

POLÍGONO	PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL
2	399	27027B002003990000LM

4.-A HEREDEROS DE D.FRANCISCO FANEGO SANMARTÍN, non sendo posible a notificación por domicilio descoñecido, publicouse no Boletín Oficial del Estado núm. 42 de 18/02/2020, pola finca número:

POLÍGONO	PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL
2	400	27027B002004000000LM

5.-A HEREDEROS DE D.NICASIO IRIMIA NOVO, foille notificado o día 30/01/2020, con núm. de rexistro de saída 2020-S-RC-110 , tendo entrada o xustificante do acuse de recibo da notificación o día 05/02/2020, sendo rexistrado co núm. 2020-E-RC-369, pola finca número:

POLÍGONO	PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL
2	404	27027B002004040000LD

6.- A D^a. DIGNA MARÍA IRIMIA VALEA foille notificado o día 03/02/2020, con núm. de rexistro de saída 2020-S-RC-124 , tendo entrada o xustificante do acuse de recibo da notificación o día 07/02/2020, sendo rexistrado co núm. 2020-E-RC-411, pola finca número(50% da propiedade):

POLÍGONO	PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL
2	1603(ANTES 405)	27027B002016030000LJ

7.- A D.JOSÉ RAMÓN IRIMIA VALEA foille notificado o día 03/02/2020, con núm. de rexistro de saída 2020-S-RC-125 , tendo entrada o xustificante do acuse de recibo da notificación o día 07/02/2020, sendo rexistrado co núm. 2020-E-RC-410, pola finca número(50% da propiedade):

POLÍGONO	PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL
2	1603(ANTES 405)	27027B002016030000LJ

V.-INFORME TÉCNICO DO EQUIPO REDACTOR, de data Agosto/2020(data de entrada 02/09/20 núm.1617), polo que emítese informe en relación coa alegación presentadas así como con los informes

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

sectoriais recibidos durante a tramitación do documento, e así:

1.- No que se refire ó Informe da Confederación Hidrográfica do Cantábrico do Ministerio para la Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de marzo/2020, non hai nada que aclarar.

2.- Polo que se refire ó Informe da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Axencia Galega de Infraestruturas, Servizo de Planificación de 23/03/20, o equipo redactor ten en conta a apreciación sinalada por dito organismo e completa o trazado da estrada autonómica LU-153 e así o representa nos planos INF-11 EMA-01 e 02.

3.- En canto ó Informe do Ministerio de Defensa, Dirección Xeral de Infraestruturas, Subdelegación de Patrimonio, de marzo/2020, o equipo redactor non fai ningún tipo de aclaración posto que dito organismo emite informe favorable sen facer ningunha observación ó documento.

4.- Polo que se refire ó informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo de 02/04/2020 o equipo redactor expón que tras conversa mantida coa Técnico de Patrimonio responsable da elaboración do citado informe, procederon a incorporar as especificación seguintes, seguindo as puntualizacións de dito organismo:

a) Non incluír un plano de situación en cada unha das fichas dos elementos catalogados dado que xa contan cun plano de ordenación no que se identifica a delimitación do núcleo e a contorna de protección patrimonial.

b) Aumentar o tamaño do códigos que identifican cada elemento catalogado no Plano INF-15 e ORD.

c) Ter en conta o artigo 92.1 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia nas fichas de hórreos ou cabazos así como que non se poderán modificar as pendentas dos mesmos, esta dúas indicacións aparecen efectivamente no apartado IV do documento, "Catálogo de Protección", dentro dos criterios de intervención, concretamente nas fichas 1, 2 e 6, Códigos de P1-P2-P6, páxinas 44, 46 e 54.

5.- En relación co Informe da Subdelegación de Goberno, Área de Fomento, de xuño/2020, o equipo redactor non fai ningunha aclaración nin modificación posto que no mesmo indicase que non ten incidencia sobre as súas competencias .

6.- Polo que se refire ó Informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, Secretaría de Estado de Minas, de 03/06/2020, o equipo redactor procede a incorporar á normativa sectorial do documento, os artigos correspondentes en canto á materia de política enerxética e minas, á vez que indica que con respecto á infraestrutura gasista que atravesa o Concello de Lourenzá (Gasoducto LLanera -Villalba) indica que discorre a case 2 km. de distancia do Núcleo de O Bordón, de forma que este non se ve afectado pola presenza de dita infraestrutura e se inclúe unha copia do Plan Básico Autonómica que corrobora dita afirmación.

Tamén polo equipo redactor se indica que o núcleo de O Bordón abastécese de enerxía eléctrica a través dun transformador de media tensión con código TIAGONCE 01966, situado no propio lugar de Tiagonce,

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

a 200 metros do Núcleo de O Bordón, tal e como se representa no Plano INF-12.

Ademais e atendendo as indicacións do Ministerio, substitúese a verba “subministro” por “enerxía” no apartado 13.4 da Memoria Informativa.

7.- Finalmente e en relación co Informe da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Organismo Autónomo Augas de Galicia, de 17/07/2020, o equipo redactor incorpora a servidume de canles fluviais ao Plano INF-13 e ademais indicase na Memoria a non existencia de humidais no Núcleo de O Bordón nin na contorna próxima. Tamén se informa na memoria da non existencia de zonas con risco de inundabilidade nin no Núcleo de Bordón nin da contorna inmediata. Finalmente faise constar que a rede de abastecemento de auga existente ten capacidade para dar servizo á nova demanda de poboación debido ao reducido incremento da edificabilidade no Núcleo de O Bordón tras a súa clasificación como Solo de Núcleo Rural.

8.- Con respecto á ALEGACIÓN formulada polo particular D. Benito Sánchez Salvatierra, o equipo redactor indica que segundo o apartado 2a do artigo 34 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, enténdese como Solo Rústico de Protección Agropecuaria aquel constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

Así pois, as parcelas obxecto desta alegación reúnen as características do primeiro suposto, co cal teñen todo o dereito a ser interpretadas como tales e poden polo tanto desenrolar as actividades propias deste tipo de solo rústico de especial protección.

VI.-SUSPENSIÓN DE LICENZAS.- Non foi necesario comunicar suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas ao non constar solicitudes de licencias pendentes de resolución tal e como facíase constar no informe do arquitecto técnico municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez, de data novembro de 2019.

VII.- COSTO ECONÓMICO.- Dende o punto de vista económico, esta Modificación polas súas dimensións, contidos e alcance non producirá ningún tipo de impacto económico sobre a facenda pública municipal xa que non se ten previsto que no curto-medio prazo o Concello acometa a implantación de ningún tipo de equipamento dotacional nas parcela cedidas e destinadas a tal fin.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente “MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM.7 DO PLANEAMENTO DE LOURENZÁ PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE "O BORDÓN" REDACTADO POR MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.P A INSTANCIA DE D^a. ELENA FERNÁNDEZ FANEGO”, tal e como aparece redactado polo equipo MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.P no documento de data Agosto/2020 e que tivo entrada nas oficinas municipais o día 02/09/2020, sendo rexistrado co núm.1617.

TERCEIRO. Unha vez dilixenciado, elevar, para a súa aprobación

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

definitiva, o expediente administrativo orixinal da citada modificación, tramitado polo Concello, ou copia compulsada do mesmo, xunto con tres exemplares da documentación técnica e o seu correspondente soporte informático, á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

CUARTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

MOCIÓN DO BNG SOBRE TRASLADO DOS POSTOS NOS DÍAS DAS FEIRAS.

Desfavorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento




Seguidamente procédese a tratar a moción presentada polo grupo municipal do BNG, relativa ao traslado dos postos nos días das Feiras que *se transcribe a continuación*:

“Pola situación actual provocada pola pandemia da COVID e a necesidade de protexer á poboación de posibles contaxios, recoméndase o desenrolo ó aire libre das diferentes actividades levadas a cabo polo público en xeral. Logo parécenos lóxico e factible que a actividade económica que xeran as feiras do 9 e do 28 de cada mes sexa aproveitada para o fomento do comercio local mediante o traslado dos postos da feira ata o centro da vila o que impulsaría positivamente a economía do comercio e a hostalería. Na actualidade os postos sitúanse fóra da nave da feira e mentres dure o bó tempo entendemos que seguirá a ser así. Ademais, o incremento de visitantes nesta época estival, debe ser aproveitado para beneficio das veciñas/os e desta maneira desvíase cara ó mercado gandeiro e non repercute no comercio local tanto como podería si os postos ocupasen unha das rúas do pobo como pasa nos concellos veciños.

ACORDO:1º) Que o Pleno da Corporación aprobe o traslado dos postos das feiras do 9 e o 28 de cada mes á rúa Paseo de Oia e arredores (Praza do Conde Santo), localización utilizada para mesteres similares no caso das festas patronais e da faba.”

Polo Sr. Rocha Pérez do grupo Municipal do BNG, procédese a explicar a moción e expón que esto ven motivado por varias peticións dos comerciantes da Vila que din que sería positivo e os membros do BNG tamén pensan que sería positivo traer os postos da feira para tratar de darlle un pouco de vida aos comercios e non

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

queren que se imposibilite polas medidas de seguridade que hai co Covid polo que propoñen dar traslado aos postos da feira os días 9 e 28 de cada mes ao Paseo de Oya e arredores da Praza do Conde Santo. Puntualizando que en ningún momento se pasarían os postos de gando e pulpería.

A Sra Alcaldesa di que o seu grupo plantexa deixar este asunto sobre a mesa por dúas cuestións, a primeira é a subvención concedida polo AGADER para arranxar o local da primeira nave e hai unha vixencia de permanencia dos postos de alimentación do mercado de cinco anos, e por outro lado coinciden en que é beneficioso traer movemento para o centro do pobo para os locais comerciais e hostalería pero o mesmo tempo hai que facelo con certa cautela que non é unha decisión que se poida tomar dun día para outro, incluso estiveron sondeando os postos que veñen ao mercado e a maioría deles non están dispostos a vir en caso de que se cambie o mercado para o centro do pobo e que teñen en mente para o próximo ano outra subvención para seguir arranxando as naves.

O Sr. Rocha Pérez di que a pregunta e se non é complementario traer uns postos e deixar outros na feira, o Sr. Arango manifesta que os postos de alimentación teñen que quedar na feira para cumprir coa subvención.

Iniciase un debate entre os membros da Corporación sobre a asistencia de postos das últimas feiras, así como que non viría o posto do pulpo e sobre o aparcamento dos vehículos, as protestas da xente na Festa da Faba sobre a carpa de degustación e sobre e corte das rúas e limpeza cando coincida fin de semana.

A Sra Alcaldesa di que houbo que percorrer un longo camiño para chegar a datas de o 9 e 28 para as feiras e que se pode acabar con todo.

O Sr. Rocha Pérez comenta que á hora de propoñer a moción tampouco se pretendía que fora inmediatamente, que piden que se crea na positividade do mesmo e que se traballe en intentar facelo.

Polo Sr. Rego Rey comentase que quedaría ben o mercado no centro do pobo, incluso que é un lugar bonito a Praza Linares Rivas pero que se debe esperar a ver como evolucionan as cousas e que a subvención non se pode perder.

Pasada a votación a moción epigrafiada, os 6 membros do grupo municipal socialista votan en contra, aclarando que o fan porque nun período de cinco anos non se poden trasladar os postos con motivo da subvención concedida, os dous membros do grupo municipal do BNG votan a favor, aclarando que se podía estudar a forma de compaxinar ambas cousas, e os dous membros do grupo

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

municipal do PP abstéñense.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O NUM 2020-1116 DE DATA 27/07/20 ATA O NÚM 2020-1368 DE DATA 10/09/20

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a número 2020/1116 de data 27/07/2020 ata a número 2020/1.368 de data 10/09/2020 e que puideron ser consultadas electronicamente polos concelleiros no Libro de Resolucións da Alcaldía.

C) ROLDA DE INTERVENCIONS LIBRES

Preguntas: BNG

Estes días está a comezar o curso para os nenos e nenas na gardería municipal. Debido a situación sanitaria derivada polo COVID supoñemos que se deberon aplicar novas medidas de seguridade e protocolarias.

- 1.- Cal é o protocolo levado a cabo para a entrada e saída dos nenos e nenas?
- 2.- Cal é o protocolo durante o tempo da xornada lectiva?
- 3.- Existe protocolo especial de desinfección?
- 4.- O mes de Marzo do presente ano non se puido rematar máis as cuotas constanos que foron cobradas. Vanse devolver eses días de diferenza? Vanse compensar?.

O Sr. Rocha Pérez, pide en primeiro lugar disculpas por mandar tan tarde as preguntas que que lle foi imposible mandalas antes, A Sra. Alcaldesa di que aceptan as disculpas e que lles pide que as manden antes, para poder tratalas na reunión previa.

O Sr. Rodríguez Barrera comenta que sigue defendendo que moitas si, se poderían contestar sendo preguntadas no Pleno directamente

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

e que non se saben ou non se queren contestar, ao que a Sra. Alcaldesa di que está establecido así, e que pola súa parte sempre houbo predisposición a contestar,

A Sra. Alcaldesa resposta que respecto as cuotas que se cobraron e non houbo servizo, xa foron devoltas o 15 de setembro.

En canto ao protocolo que se está a seguir e o da Xunta de Galicia das Escolas Infantís de 0 a 3 anos e a maiores séguese un específico elaborado por unha das educadoras infantís e pasa a comentar en que consisten os protocolos a entrada, estancia na escola e saída tanto das educadoras como dos nenos.

PREGUNTAS P.P.



O día 30 de Abril do ano 2014, o veciño José Rodríguez Bermudez, con domicilio en Recemil Nº14, presentou un escrito no Concello referente o perigoso estado dunha vivenda colindante. Dende esa data ata hoxe dirixiuse ós distintos gobernantes, e a día de hoxe segue co mesmo problema. ¿Que pensan facer co tema?.

A Sra. Alcaldesa resposta que si, que é verdade que había unha solicitude por escrito do ano 2014 e que falou co Sr. Huertas o día 2 de setembro, fai 15 días e dixo que tiña que ir co técnico municipal e que de todas formas pasou moito máis tempo dende o 30/04/14 ao 30/05/15 que foi cando ela entrou. O Sr. Rodríguez Barrera di que dende o 2015 ata hoxe van 5 anos.

2. O día que saltou a noticia, do importante brote de covid no noso pobo, vostedes volveron coas labores de desinfección que non facían dende os primeiros días do confinamento ¿Parécelles que esa é a forma de actuar? ¿Por qué ese día e non os anteriores?

A Sra. Alcaldesa resposta que foi ese día porque había un brote de Covid no municipio e había unha maior exposición de contaxio nas rúas, e é o procedemento que fan e se está aplicando na maioría de Concellos, cando hai un brote refórzase a desinfección e nos locais municipais sempre se fixo.

O Sr. Arango dí que se fixo en todos os Concellos excepto na Comunidade de Madrid, donde goberna o PP ao que di o Sr. Rodríguez Barrera que ve que non ten outra saída que é triste pero e así, e que aquí dende os primeiros 15 días non se volveu a facer e que noutros Concellos fíxose dende o primeiro día en zonas de movemento de xente, a Sra. Alcaldesa di que os comerciantes e a hostalería a nivel particular si o está facendo, o Sr. Rodríguez

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

Barrera dí que por zonas de supermercados onde está a pasar moita xente había que facelo.

3. Cada vez que fai aire salta unha uralita do lateral da Casa da Xuventude, co perigo que iso representa, algunha xa caeu na acera, ¿A que están esperando para arranxar o problema? ¿Ten que causar danos a terceiros para actuar?

A Sra. Alcaldesa di que sobre este tema preparouse un proxecto e mandouse a Deputación e estase pendente de asinar un convenio interadministrativo coa Deputación para arranxalo, toda a parte lateral. O Sr. Rodríguez Barrera pregunta se non se poden sacar mentras, ao que resposta a Sra. Alcaldesa que se se sacan prodúcense filtracións.

4. Xa lles presentamos varios rogos para que adecentaran o Polígono Industrial, xa que o estado de algunhas parcelas e das beirarrúas cheas de maleza é deplorable ¿Por qué razón non o fixeron? ¿Non lle dan importancia ó noso solo industrial?

A Sra. Alcaldesa resposta que supón que se refiren as bairarrúas e que o Sr. Huertas xa ten falado cun palista para limpialo, O Sr. Rodríguez Barrera di que hai maleza e hai árbores que deben deixar e que a xente invirte onde ve que se coidan as cousas.

5. ¿Poden explicarnos como está o convenio coa protectora de animais?

A Sra. Alcaldesa resposta que o Convenio que había coa protectora de Alfoz, cando foi o temporal tiroulles as instalacións, que o fixeron con financiación da Deputación pero están en litixios coa empresa que o fixo, estamos en contacto continuo con eles e falou hoxe con unha das responsables e díxolle que mentres non vaian a xuízo non poden facer nada, e por proximidade e pola forma de funcionamento xa que solo había que chamalos e preocupábanse e daban saída aos animais gustaríanos en certa medida asinar outra vez o convenio con esa protectora.

Os membros da Corporación comentan os casos de cans que apareceron polo Concello e que a solución e que os adopten particulares, como ocorreu fai pouco, e si se lles mira o microchip, comentando a Sra. Vázquez Abal que sí, se lles mira.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

